

VI CONCURSO DE CULTURA CLÁSICA



ODISEA 2011

A Sección galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos (SEEC) convoca a **sexta edición do concurso ODISEA**, no que poderán participar todos os alumnos e alumnas que así o desexen, pertencentes a calquera dos Centros Oficiais de Ensino Secundario de Galicia.

Terá lugar entre os días **31 de xaneiro e o 4 de febreiro** (primeira fase), e os días **7-11 e 14-18 de febreiro de 2011** (desempate local e fase final estatal respectivamente), segundo se detalla no calendario adxunto.

Nesta edición volveremos contar coa participación na Comunidade Valenciana das seccións da SEEC de Valencia-Castellón e de Alacant, e por vez primeira participará no concurso a sección da SEEC de Aragón. A súa celebración coincidirá nas mesmas datas en todas as Seccións.

Este certame, malia que aberto a todos os alumnos e as alumnas dos Centros, está dirixido principalmente aos profesores e alumnos de Cultura Clásica, Latín e Grego, e non pretende outra cousa que sacar a Cultura Clásica das aulas, alomenos por uns días.

Recordamos que a idea orixinal deste concurso debémoslla ás profesoras Ángeles Burgos e María F. Loira , dos departamentos de Grego e Latín do IES "David Buján" de Cambre, non sendo este máis que unha versión "en liña" do seu concurso.

As preguntas cinxiranse ao currículo de Cultura Clásica, Latín e Grego que se ensina nos centros e, como se establece nas bases, cada día versarán sobre temas concretos.

Este ano, como novidade, **o concurso versará sobre a muller en Grecia e Roma** e con ese motivo a escritora [Isabel Barceló](#), gran admiradora da antigüidade grecorromana, escribiu estas palabras para a presentación de Odisea 2011:

"É fundamental nos nosos días contemplar o pasado no seu conxunto. Se deixamos fóra do campo de visión ás mulleres, a nosa percepción das sociedades antigas será parcial, distorsionada e inxusta. As mulleres aportaron ás sociedades de todos os tempos tanto como os homes. transmitiron a vida, foron creadoras e transmisoras de cultura; regalaron coidados e afectos, aspectos fundamentais para o desenvolvemento da personalidade humana; contribuíron á economía e ao equilibrio social; padeceron os mesmos males que todos os demais. No bo e no malo, foron actoras sociais.

Negarlles o papel que historicamente desempeñaron non só é unha inxustiza, senón que ten efectos no presente: a falta de respecto xeral cara ás mulleres, as dificultades para que accedan a postos de decisión e de relevancia profesional e social, a continua necesidade de xustificar as súas esixencias, son algúns deses efectos.

Paga a pena combater todos eses prexuízos e perxuízos recuperando a memoria das mulleres do pasado. Aprender a coñecelas, valoralas, amalas. Darlles o recoñecemento que merecen, volvelas á memoria e á vida. Facerlles e facernos xustiza”.

A nosa nave xa correu innúmeras aventuras na navegación polo proceloso mar dos centros de toda Galicia e, unha vez máis, nesta sexta singladura, ansiamos chegar á nosa illa sans e salvos e tamén máis sabios. Deixemos aos nosos alumnos e alumnas que se enfronten como modernos heroes ás preguntas e disfruten da satisfacción das respostas encontradas co seu esforzo, que cheguen sós a Ítaca e culminen a súa viaxe sen consultar ao oráculo máis que o estrictamente necesario!

BASES

I. O concurso consistirá en responder ás preguntas que cada día se publiquen na páxina web do concurso <<http://www.odiseaconcurso.org>>

II. Poderá participar o **alumnado matriculado nos Centros Oficiais de ensino Secundario de Galicia durante o curso 2010/2011**, formando equipos de tres membros como máximo. Estes equipos deberán contar cun **profesor ou profesora responsable**. Un mesmo profesor poderá ser responsable de varios equipos.

III. A **inscrición** dos equipos realizarase entre os días **11 e 28 de xaneiro de 2011**, ambos inclusive, cubrindo o **formulario de inscrición** directamente na WEB do concurso <<http://www.odiseaconcurso.org>>. Unha vez cuberto, cada equipo recibirá no correo-E do profesor responsable unha **clave** para poder concursar.

IV. Os **tres primeiros días (31 de xaneiro e 1 e 2 de febreiro)** sairán publicadas **tres** "preguntas" que versarán sobre temas relacionados coa Cultura Clásica.

- O **1º día** as preguntas serán sobre **a muller na mitoloxía grega e romana**
- **2º día** versarán sobre **a muller na vida cotiá en Grecia e Roma**
- **3º día** serán sobre **a muller na Historia e institucións grecolatinas**.

V. No **cuarto día (xoves 3 de febreiro)** sairán publicadas outras "preguntas-pistas" e un "preguntón", de maior dificultade que as preguntas ordinarias: a resposta do "preguntón" virá dada polas iniciais das respostas correctas destas "preguntas-pistas", **segundo a orde de publicación das mesmas**. Estas preguntas serán todas elas sobre **a muller na Literatura grecolatina**.

VI. Os equipos participantes terán que responder ás preguntas **cubriendo directamente o formulario** que sairá publicado na WEB do concurso.

VII. Só no caso excepcional de avería do sistema informático poderán ser admitidas as respostas por correo-E ao seguinte enderezo electrónico: secretaria@seecgalicia.org, sempre e cando conste no mesmo a clave, nome do grupo e profesor responsable.

VIII. Por cada *pregunta* correctamente respondida obteranse **5 puntos** e o erro suporá o desconto de **1 punto**. Se se acerta o "*preguntón*" obteranse **10 puntos** e por cada resposta acertada das *preguntas-pistas* para chegar á solución obteranse **2 puntos** máis; por cada erro descontarase **1 punto**.

IX. **Non se poden deixar preguntas sen responder (en branco)** tanto nas tandas de preguntas dos tres primeiros días como no "*preguntón*", xa que ao facelo así quedarían anuladas todas as demais da serie.

X. Nas respostas **non se admitirán abreviaturas** e deberase respectar a **correcta ortografía** das palabras. Ex: Sócrates e non Socrates; cínico e non cinico.

XI. As "*preguntas, preguntas-pistas e preguntón*" **terán sempre que ser respondidas cunha soa palabra**, quedando automaticamente invalidadas as que consten de máis dunha palabra na súa resposta.

XII. Cando se pida expresamente **a resposta en latín** deberase usar esta lingua e poñer a palabra tal e como vén no dicionario, en caso **nominativo singular / 1ª persoa singular** se é verbo, a non ser que se dea outra indicación.

XIII. As transcrisións de palabras gregas deberanse ater ás normas de transcripción ao galego ou castelán. Calquera transcripción a outras linguas será considerada como un erro. Para a transcripción de palabras gregas en xeral e dos nomes propios gregos pódense consultar os enlaces que se dan nas FAQ.

XIV. Existe na páxina web unha relación de preguntas e respostas frecuentes (FAQ) relativas á correcta participación no concurso. Non esquezades, polo tanto, consúltalas, porque vos poden servir de gran axuda e evitar erros innecesarios.

XV. Cada día publicaranse na web as respostas correctas ás ***preguntas*** ou ***preguntón*** do día anterior e a orde de clasificación dos equipos.

XVI. O **resultado provisional** darase, se non hai empate, o **venres 4 de febreiro de 2011**, deixando este día para atender ás reclamacións, se as houberse.

XVII. O resultado final desta primeira fase darase o **luns 7 de febreiro**. En caso de empate a puntos procederase segundo o establecido nos puntos seguintes.

XVIII. No caso de que só un equipo obteña a máxima puntuación, non haberá desempate. O resto de premios ordenarase en relación ao tempo empregado.

XIX. En caso de empate a puntos entre equipos que opten ao primeiro premio celebrarase un desempate que consistirá nun novo preguntón que se publicará na WEB na tarde **do mércores 9 de febreiro**.

XX. Este desempate terá lugar nas dependencias dun dos centros designados pola organización, ao menos un por provincia, e será vixiado por un responsable da mesma.

XXI. No desempate as preguntas versarán sobre todos os temas que saíron nas anteriores fases do concurso.

XXII. En caso de novo empate a puntos na disputa polo primeiro premio será o gañador o equipo que empregase menos tempo en responder a este "preguntón" de desempate, e con este mesmo criterio adxudicaranse o segundo e o terceiro premio se fose o caso.

XXIII. O **resultado provisional** deste desempate darase o **xoves 10 de febreiro**, quedando este día para atender ás reclamacións, se as houberse.

XXIV. O **resultado final do desempate**, e por conseguinte, da fase local do concurso, darase o **venres 11 de febreiro**.

XXV. Para participar na fase Estatal as diferentes seccións deberán comunicar a SEECGALICIA os datos dos equipos gañadores das súas respectivas seccións antes do **luns 14 de febreiro**.

XXVI. Os equipos gañadores nas súas respectivas Seccións competirán entre si nunha **segunda fase Estatal**, cun preguntón que sairá publicado na tarde do **mércores 16 de febreiro** na web do concurso.

XXVII. Este desempate terá lugar nas dependencias do centro gañador ou, se non é posible, nun centro designado pola organización, e será vixiado por un responsable da mesma.

XXVIII. O **resultado provisional** darase o **xoves 17 de febreiro**, quedando este día para atender as reclamacións, se as houberse.

XXIX. O **resultado final desta fase Estatal** farase público o **venres 18 de febreiro**.

XXX. Na fase local o xurado estará composto polos membros da directiva da sección galega da SEEC seguintes:

- Cecilia Criado Boado
- Álvaro José Pérez Vilariño
- Amelia Pereiro Pardo
- José Ricardo Martín Fernández
- M^a José Martín Velasco
- Xosé Antonio López Silva

XXXI. Na fase Estatal o xurado estará composto por dous representantes de cada sección.

XXXII. Establécense os seguintes **premios** na fase local:

- 1º Equipo clasificado: **240 euros.**
- 2º Equipo clasificado: **120 euros.**
- 3º Equipo clasificado: **60 euros.**

XXXIII. Establécese o seguinte premio na fase estatal, aportado a partes iguais entre as seccións participantes:

- 1º Equipo clasificado: **500 euros.**

XXXIV. A **entrega de premios** aos gañadores do concurso en Galicia terá lugar no marco da inauguración do festival de teatro greco-latino a celebrar o día **luns, 14 de marzo de 2011**, no **auditorio Gustavo Freire de Lugo**. Os equipos gañadores e os seus profesores estarán invitados ás representacións.

XXXV. En caso de calquera **reclamación ou consulta** estas dirixiranse ao seguinte enderezo electrónico: secretaria@seecgalicia.org

CALENDARIO

Do martes 11 ata o venres 28 de xaneiro: inscrición dos equipos na web de SEECGalicia.

Luns 31 de xaneiro, martes 1 e mércores 2 de febreiro: As “preguntas” sairán publicadas na web do concurso e deberán ser contestadas polos equipos inscritos nun prazo máximo de **24 horas**, é dicir, **antes das 9:00 h. do día seguinte.**

Xoves 3 de febreiro: O “preguntón” coas súas “preguntas-pistas” sairá publicado o a partir das **9:00 h.** e deberá ser contestado polos equipos inscritos nun prazo máximo de **24 horas**, é dicir, **antes das 9:00 h. do día seguinte.**

Venres 4 de febreiro de 2011. Publicación do **resultado provisional da primeira fase local.** Atención de reclamacións.

Luns 7 de febreiro. Publicación do **resultado definitivo** desta primeira fase local.

Mércores 9 de febreiro. Desempate entre equipos empatados a puntos cun **novo preguntón** que se publicará na WEB **ás 16:30 horas** e terá que ser contestado **antes das 19:30 horas.**

Xoves 10 de febreiro, publicación do **resultado provisional deste desempate.** Atención de reclamacións.

Vernes 11 de febreiro, publicación do **resultado definitivo do desempate,** e por conseguinte, da fase local do concurso.

Luns 14 de febreiro, data límite para a **comunicación a SEECGalicia dos gañadores** das diferentes seccións.

Mércores 16 de febreiro, competición entre os equipos gañadores das diferentes seccións mediante un preguntón que se publicará na WEB do concurso **ás 16:30 horas** e terá que ser contestado antes das **19:30 horas.**

Xoves 17 de febreiro, publicación do **resultado provisional da fase Estatal.** Atención de reclamacións.

Venres 18 de febreiro. Publicación do **resultado definitivo da fase estatal** da Odisea 2011.

Luns, 14 de marzo de 2011: entrega de premios aos gañadores do concurso en Galicia no marco da inauguración do festival de teatro grecolatino Lugo 2011 no **auditorio Gustavo Freire de Lugo.**



Santiago de Compostela, a 17 de decembro de 2010